

PUBLICADAS NO DOGA DE 7-5-2025 AS RPT,s de:  

- **OFICINAS DE XUSTIZA DA FASE 1 (POBOS)**
- **OFICINAS DO REXISTRO CIVIL DA FASE 1**
- **OFICINAS DE XUSTIZA NO MUNICIPIO**

Entrada en funcionamento o 1 de xullo.

Destacamos o seguinte:

- **Oficina de xustiza no municipio (antiguos xulgados de paz):** Os postos de Xestión e Tramitación compatibilizan funcións coa oficina xudicial do Tribunal de Instancia do partido xudicial; o posto de auxilio non compatibiliza coa Oficina Xudicial.
- **Oficina xeral do rexistro civil. Fase I:** A plantilla dos Rexistros Civiles dos pobos será UN XESTOR E UN TRAMITADOR, AMBOS COMPABILIZANDO FUNCIÓNS COA OFICINA XUDICIAL, E AMBOS PODERÁN FACER GARDAS. Non haberá funcionarios do corpo de auxilio no Rexistro Civil dos pobos.
- **Oficina de xustiza dos pobos. Fase I.** Nos Tribunais de Instancia dos pobos haberá un Servizo Común de Tramitación únicamente. Non haberá nin Servizo Común Xeral nin Servizo Común de Execución. Os postos de traballo serán todos xenéricos, non haberá posto singularizado algún en ningún pobo. Tampouco haberá areas nin equipos.

O **servizo común de tramitación** é aquela unidade da oficina xudicial que realiza todas as funcións requiridas para a ordenación do procedemento.

Cada servizo común de tramitación está integrado polos postos que determinen as correspondentes relacións de postos de traballo, reservados a persoal funcionario dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

O **servizo común xeneral** é aquela unidade da oficina xudicial que realiza labores centralizadas e de carácter transversal non encomendadas expresamente a outros servizos comúns procesuais.

O **servizo común de execución** é aquela unidade da oficina xudicial que realiza todas as funcións requiridas para a ordenación dos procesos de execución.



INFORMA

MODELO DE ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA DE OFICINA XUDICIAL NA LOCALIDADE DE **PONTEVEDRA, LUGO, OURENSE E SANTIAGO.**

Oficina xudicial integrada polos seguintes centros de destino:

- **Servizo común de tramitación do tribunal de instancia**, subdividida en 2 áreas:
 - o Unha área civil; social; contencioso-administrativa; de familia, infancia e capacidade; e mercantil
 - o Unha área penal (que se estende a toda a orde xurisdiccional penal).
- **Servizo común de tramitación da audiencia provincial.**
- **Servizo común xeral**, subdividido en 2 áreas:
 - o Unha área de rexistro-repartición e asuntos xerais.
 - o Unha área de actos de comunicación.
- **Servizo común de execución**, subdividido en 2 áreas:
 - o Unha área civil; social; contencioso-administrativa; de familia, infancia e capacidade; e mercantil.
 - o Unha área penal (que se estende a toda a orde xurisdiccional penal, agás, no seu caso, a vixilancia penitenciaria).

MODELO DE ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA DE OFICINA XUDICIAL NAS LOCALIDADES DE **VIGO E A CORUÑA.**

No caso de **Vigo e A Coruña** dentro do servizo común de Tramitación habería unha área a maiores ó subdividirse a área civil; social; contencioso-administrativa; de familia, infancia e capacidade; e mercantil en dúas; unha civil, familia, infancia e capacidade e mercantil e outra Área social e contencioso-administrativa.

E no caso de A Coruña habería un servizo común de tramitación do **TSXG**.

MODELO DE ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA DE OFICINA XUDICIAL NA LOCALIDADE DE **FERROL**

No caso de **Ferrol** non habería área algunha dentro dos servizos comúns.

SPJ-USO: Sindicato maioritario na Xustiza galega!!! FEITOS, non palabras!!!

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>